



**DIEGO GARCÍA DOVAL, SECRETARIO DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS
(PONTEVEDRA)**

CERTIFICO: Que o Pleno do Concello adoptou, en sesión ordinaria celebrada o 30 de decembro de 2010, entre outros, o seguinte acordo, que transcribo literalmente a continuación:

“

3.- PROPOSTA DE ACORDO PROVISORIO DE ESTABLECIMENTO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS E DE APROBACIÓN DA ORDENANZA FISCAL MUNICIPAL REGULADORA DA MESMA.

O señor Alcalde cede a palabra á señora Concelleira de Servizos Sociais, Mónica Vizcaya Vázquez, quen explica que a ordenanza fiscal cuxa aprobación se propón é necesaria para que o cobro do servizo de axuda no fogar aos seus usuarios estea máis axeitada á normativa vixente, co establecemento dunha taxa, pois até agora se estaban a realizar os cobros correspondentes en base ao regulamento do servizo.

A señora pereira Iglesias, voceira do grupo municipal do PP, indica que o seu grupo votará a favor da proposta, como xa fixo na comisión informativa, pois só se trata de dar forma a unha regulación que xa existía.

O señor Álvarez González, voceiro do grupo municipal do BNG, tamén indica que o seu grupo votará a favor da proposta, como fixo na comisión informativa.

Pola súa banda, o señor Cabaleiro González, voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, tamén anuncia o voto favorable do seu grupo á proposta.

A proposta do Señor Alcalde que consta no expediente é a seguinte:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

Vista a Orde de 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar e as modificacións que introduce na prestación dos servizos polas Corporacións Locais, e tendo detectado en base a tal orde a necesidade de aprobar a taxa pola prestación do devandito servizo en función da capacidade económica do/as usuarios/as do servizo e suxeitos pasivos da taxa.

Téndose aprobado en sesión plenaria de 28 de maio de 2009 o regulamento municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Salceda de Caselas, regulamento que foi aprobado definitivamente pola ausencia de reclamacións ao respecto, e publicado no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra nº 183, de 22 de setembro de 2009.

Visto que, en cumprimento da miña providencia de 14 de decembro de 2010 foi elaborado o texto da ordenanza fiscal reguladora da taxa que se pretende establecer.

Vistos o informe de 15 de decembro de 2010 e técnico-económico emitidos pola traballadora social do Concello D^a Cristina Díez Domínguez para o establecemento e ordeación da devandita taxa.

Visto o informe 157/2010, de 16 de decembro de 2010, emitido pola Interventora do Concello e as observacións indicadas nel.

En uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 c) e f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL en diante), e 80 e 82 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, previo ditame da Comisión Informativa correspondente, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO**, coma órgano competente na materia (segundo o establecido nos artigos 22.2.d) e e) LRBRL e 15 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais -TRLRFL en diante) que adopte os seguintes acordos:

1.- Aprobar de xeito provisorio o establecemento da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar no Concello de Salceda de Caselas e a ordenanza fiscal municipal reguladora da mesma.





2.- Expoñer os devanditos acordos, previa publicación de tal exposición no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello durante trinta días, dentro dos cales os que segundo o artigo 18 TRLRFL teñen a consideración de interesados, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

3.- Finalizado o período de exposición pública, o Concello adoptará os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se tivesen presentado e aprobando a redacción definitiva da ordenanza. No caso de que non se tivesen presentado reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, até entón provisorio, sen necesidade de acordo plenario.

4. En todo caso, os acordos definitivos a que se refire o apartado anterior, incluíndo os provisorios elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, sen que entre en vigor até que se teña levado a cabo a devandita publicación.”

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 20 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por o que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), o Concello de Salceda de Caselas establece a taxa por a prestación do servizo de axuda no fogar a que se refire o artigo 20.4.n) do TRLRFL, que se rexerá por a presente Ordenanza Fiscal.

Artigo primeiro.- Feito imponible:

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación do servizo de axuda no fogar concedido a través dos servizos Sociais municipais nos termos e condicións do Regulamento do servizo.

Artigo segundo.- Suxeitos pasivos:

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas que soliciten e se beneficien do servizo, tanto as persoas que teñan recoñecida a situación de dependencia por Resolución da Comunidade Autónoma como as que, non tendo recoñecida a situación de dependencia reciban ou se beneficien do servizo de axuda no fogar.

Artigo terceiro.- Responsables:

A responsabilidade será asumida nos termos do artigo 41 da Lei Xeral Tributaria. Serán responsables solidarios ou subsidiarios, as persoas ou entidades que se refiren, respectivamente, nos artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria.


Artigo cuarto.- Exencións:


Segundo o establecido no artigo 24.4 do TRLRFL, onde se determina que para o establecemento da contía das taxas poderán terse en conta criterios xenéricos de capacidade económica dos suxeitos obrigados a satisfacelas, e en virtude do exposto no apartado primeiro do artigo 18 da Orde de 22 de xaneiro de 2009, reguladora do servizo de axuda no fogar, gozarán de exención da obriga de pago da taxa aqueles contribuíntes cuxa capacidade económica sexa igual ou inferior ao indicador de rendas de efectos múltiples (IPREM). A capacidade económica das persoas usuarias do servizo determinarase conforme ao establecido no artigo seguinte.

Artigo quinto.- Cota tributaria:

A cota tributaria virá determinada pola duración do servizo e pola capacidade económica das persoas usuarias do mesmo tendo en conta o seguinte, de acordo co establecido no regulamento do servizo aprobado.

A cota mensual a pagar determinarase segundo o importe resultante de multiplicar o número de horas de prestación do servizo no mes pola tarifa/hora que corresponda (segundo os custes que





teña que soportar o Concello e que será comunicado aos beneficiarios do servizo) aplicando ao resultado obtido escala fixada no artigo 9º do regulamento do servizo aprobado.

Artigo sexto.- Devengo, período impositivo e ingreso:

- As taxas reguladas na presente Ordenanza fiscal devengarase no momento en que se notifique a prestación do servizo.
- O período impositivo será mensual. Poderán liquidarse trimestralmente.
- O pagamento das taxas realizarase a mes vencido, mediante domiciliación bancaria que autorizará o solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión e nos quince primeiros días do mes seguinte a terminación do trimestre/mes ou mediante ingreso na conta bancaria do concello indicada ao efecto que se realizará dentro dos dez días seguintes a aquel no que lle sexa comunicado o importe correspondente á mensualidade.
- A falta de pagamento da cota dun mes/trimestre suporá a interrupción do servizo.

Artigo sétimo.- Infraccións e sancións:

No relativo as infraccións e sancións tributarias desta Ordenanza será de aplicación o disposto na Lei Xeral Tributaria e demais normativa de aplicación .

DISPOSICIÓN FINAIS

- No non previsto na Ordenanza fiscal será de aplicación a Lei Xeral Tributaria e demais normativa de aplicación.
- Esta Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa."

Por outra banda, o Señor Alcalde lembra que, en relación á proposta, na sesión de 27 de decembro de 2010 da Comisión informativa especial de contas e permanente de economía e facenda, recaeu ditame de carácter favorable a aquela por unanimidade dos/as seis señores/as concelleiros/as presentes na sesión.

Sometida polo Señor Alcalde a súa proposta a votación, o Pleno do Concello de Salceda de Caselas, por unanimidade dos/as trece señores/as concelleiros/as presentes na sesión , apróbaa, adoptando os seguintes acordos:

1.- Aprobar de xeito provisorio o establecemento da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar no Concello de Salceda de Caselas e a ordenanza fiscal municipal reguladora da mesma.

2.- Expoñer os devanditos acordos, previa publicación de tal exposición no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello durante trinta días, dentro dos cales os que segundo o artigo 18 TRLRFL teñen a consideración de interesados, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.



3.- Finalizado o período de exposición pública, o Concello adoptará os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se tivesen presentado e aprobando a redacción definitiva da ordenanza. No caso de que non se tivesen presentado reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, até entón provisorio, sen necesidade de acordo plenario.

4. En todo caso, os acordos definitivos a que se refire o apartado anterior, incluíndo os provisorios elevados automaticamente a tal categoría, e o texto integro da ordenanza, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, sen que entre en vigor até que se teña levado a cabo a devandita publicación."

E para que conste no expediente de referencia en cumprimento do art. 177.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), expido a presente, que consta de tres páxinas numeradas do un ao tres e por min asinadas e seladas co carimbo do Concello, por orde co visto e prace do Señor Alcalde, coa salvedade do artigo 206 ROF, e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente, en Salceda de Caselas a vinte e oito de xaneiro de dous mil once.


Vº e
O ALCALDE
Marcos David Casada Pérez





Achégolles anuncio relativo ao acordo provisorio, adoptado en sesión plenaria celebrada o 30 de decembro de 2010, de establecemento da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar no Concello de Salceda de Caselas e a ordenanza fiscal municipal reguladora da mesma, aos efectos da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia á maior brevidade posíbel en cumprimento do establecido no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.


Salceda de Caselas, 4 de xaneiro de 2011.



Marcos David Besada Pérez.

BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA.






ANUNCIO

Na sesión ordinaria do Pleno do Concello de Salceda de Caselas celebrada o 30 de decembro de 2010 adoptáronse, entre outros, os seguintes acordos:

- 1.- Aprobar de xeito provisorio o establecemento da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar no Concello de Salceda de Caselas e a ordenanza fiscal municipal reguladora da mesma.
- 2.- Expoñer os devanditos acordos, previa publicación de tal exposición no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello durante trinta días, dentro dos cales os que segundo o artigo 18 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locias teñen a consideración de interesados, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.
- 3.- Finalizado o período de exposición pública, o Concello adoptará os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se tivesen presentado e aprobando a redacción definitiva da ordenanza. No caso de que non se tivesen presentado reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, até entón provisorio, sen necesidade de acordo plenario.
4. En todo caso, os acordos definitivos a que se refire o apartado anterior, incluíndo os provisorios elevados automaticamente a tal categoría, e o texto integro da ordenanza, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, sen que entre en vigor até que se teña levado a cabo a devandita publicación.

Salceda de Caselas, 4 de xaneiro de 2011.



Marcos David Besada Pérez.



**A N U N C I O**

Na sesión ordinaria do Pleno do Concello de Salceda de Caselas celebrada o 30 de decembro de 2010 adoptáronse, entre outros, os seguintes acordos:

1.—Aprobar de xeito provisorio o establecemento da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar no Concello de Salceda de Caselas e a ordenanza fiscal municipal reguladora da mesma.

2.—Expoñer os devanditos acordos, previa publicación de tal exposición no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello durante trinta días, dentro dos cales os que segundo o artigo 18 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais teñen a consideración de interesados, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

3.—Finalizado o período de exposición pública, o Concello adoptará os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se tivesen presentado e aprobando a redacción definitiva da ordenanza. No caso de que non se tivesen presentado reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, até entón provisorio, sen necesidade de acordo plenario.

4.—En todo caso, os acordos definitivos a que se retire o apartado anterior, incluíndo os provisorios elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, sen que entre en vigor até que se teña levado a cabo a devandita publicación.

Salceda de Caselas, 4 de xaneiro de 2011.—O Alcalde, Marcos David Besada Pérez.

2011000253

* * *

SALVATERRA DE MIÑO**E D I C T O**

Con data 17 de decembro de 2010, o Sr. Alcalde-Presidente deste Concello dicta Decreto polo que establece a súa ausencia do termo municipal a partir do día 20 de decembro, resolvendo en consecuencia sexa substituído nas súas funcións a tódolos efectos legais, polo Segundo Tenente de Alcalde, D. Manuel Andrés Acuña.

O que se fai público en cumprimento do disposto no artigo 44.2 do R.D. 2.568/1986, de 28 de novembro.

Salvaterra de Miño, a 17 de decembro de 2010.—O Alcalde, Arturo Grandal Vaqueiro.

2010013642

* * *

T U I**E D I C T O****ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN****1. ENTIDADE ADXUDICADORA:**

- a) Organismo: Concello de Tui.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría- Contratación.

2. OBXECTO DO CONTRATO:

Tipo de contrato: Contrato de OBRA.